

# **COÑECE GALICIA – XUNTA DE GALICIA MINI-CAMPAMENTOS DE LUNS A VENRES EN ALOXAMENTOS TURÍSTICOS**

## **Obxecto**

Aloxamentos turísticos distribuídos por toda a xeografía galega en estancias de cinco días, de luns a venres, e que serve tanto para apoiar a adquisición de competencias e habilidades por parte das persoas máis novas como para fomentar o coñecemento da riqueza natural e patrimonial de Galicia, o coidado do medio ambiente e o ocio educativo.

## **Prazas e datas dispoñibles**

O número total de prazas dispoñibles é de 600.

Ofrécense diferentes quendas alternativas de participación nos meses de xullo e agosto, en diferentes concellos de Galicia.

## **Persoas destinatarias**

Nenos e nenas empadroados/as en Galicia que teñan entre 10 e 14 anos no momento da solicitude.

Para poder ser admitido/a no programa será necesario non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio. Para os casos nos que se inclúan actividades con auga, é requisito saber nadar.

As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% deberán facer constar a súa condición no apartado que figura no formulario de inscrición, co fin de planificar os apoios persoais necesarios se os precisara. En función do tipo de discapacidade poderá excepcionalmente, de ser o caso, o requisito de saber nadar.

## **Inscrición e reserva**

A reserva da praza efectuarase a través do formulario electrónico de inscrición, que estará dispoñible na páxina web [xuventude.xunta.es](http://xuventude.xunta.es).

Admítese a inscrición dun máximo de 3 quendas diferentes de programas, indicando a orde de prioridade de participación.

A solicitude pode ser individual ou múltiple para quendas idénticas. A solicitude múltiple admitirase para o suposto de dous/dúas, tres e ata catro irmáns/ás.

## **Prazo de solicitude**

Desde o día 15 de xuño, finalizando 5 días antes do inicio de cada actividade, salvo no caso de que se esgoten as prazas

Teléfonos de información: 981 544 645 / 981 545 937 / 981 545 822